



## B A S E S • E D I C I Ó N 2 0 1 6

**ORGANISMOS CONVOCANTES:**

O Premio ARESA de desenvolvemento rural é convocado conxuntamente pola Universidade de Santiago de Compostela e ARESA con carácter anual.

**FINALIDADE:**

O Premio ARESA de desenvolvemento rural foi creado para favorecer o benestar das persoas que viven no mundo rural, co obxectivo de premiar aqueles proxectos que contribúan de forma decisiva a crear emprego e riqueza nos ámbitos agrícola e/ou gandeiro como elementos fundamentais para mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas que viven e traballan no medio rural galego.

**DESTINADO A:**

Empresas, grupos de investigación, asociacións ou calquera outra entidade que contribúa ao desenvolvemento da economía rural galega.

**REQUISITOS PARA CONCORRER:**

Presentación dun traballo de investigación e desenvolvemento ou dunha iniciativa empresarial innovadora nos ámbitos agrícola ou gandeiro, que se poderá encadrar en calquera dos seguintes tipos:

**A/ Proxecto de actividade empresarial.** Poderanse presentar aquelas iniciativas empresariais que aínda estean en fase de proxecto pero que teñan definidas as súas liñas de actuación e de implantación no mercado.

**B/ Actividade empresarial innovadora.** Poderanse presentar iniciativas empresariais en calquera das súas fases de desenvolvemento, así como empresas xa consolidadas.

Nos dous casos, a candidatura terá que ser presentada coa documentación xustificativa da adecuación á finalidade do Premio, así como con calquera outra que se considere necesaria para demostrar os seus méritos. Incluirase un resumo dunha extensión máxima de dúas páxinas.

**C/ Traballo de I+D+i.** Os traballos, que serán orixinais, deben ter aplicación práctica nos sectores agrícola, gandeiro ou agroalimentario galegos, ou supoñer unha contribución notoria ao desenvolvemento rural. As memorias presentadas non poderán superar nunca as cen páxinas e incluirán un resumo dunha extensión máxima de dúas páxinas. Entregarase canda elas un *curriculum vitae* do autor ou autores, ademais de calquera outra documentación que se considere de interese e que teña relación co traballo presentado.

As candidaturas poderán ser propostas polos interesados, por institucións públicas ou privadas ou por empresas. Todas elas deberán constar da documentación axeitada para valorar a proposta.

**VALORACIÓN:**

Na análise das candidaturas, o xurado prestará especial atención aos proxectos que xeren postos de traballo e valor engadido. Por isto, valorarase principalmente:

- A viabilidade económica.
- A creación de postos de traballo, especialmente no rural.
- A posta en valor dos produtos da terra.
- Os proxectos que supoñan a recuperación de subsectores agrícolas e gandeiros tradicionais que teñan potencial de desenvolvemento.
- A innovación de produtos, métodos produtivos etc.

**DOTACIÓN:**

O premio consta dun Diploma de Mérito e dunha dotación económica de dez mil euros, da que se descontará a retención fiscal que corresponda de acordo co art. 92 do R.D. 214/1999 do 5 de febreiro (BOE 9/02/99). ARESA e a USC ofrecerán a súa experiencia e medios ao proxecto gañador, sempre e cando así o solicite o premiado.

**XURADO:**

O xurado estará composto polos seguintes membros:

- O reitor da Universidade de Santiago de Compostela, que o presidirá.
- O presidente de ARESA.
- O vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela.
- Un membro designado por ARESA.
- Un membro designado de común acordo por ARESA e a USC. Preferentemente, será unha personalidade de recoñecido prestixio no eido do premio.

O xurado poderá contar, se así o considera, co asesoramento dun grupo de especialistas imparciais, procedentes da USC, que analizarán as diferentes candidaturas dende o punto de vista técnico.

**PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS:**

A presentación das candidaturas, acompañadas dos traballos e outra documentación xustificativa, farase nos rexistros dos campus universitarios de Lugo ou de Santiago, antes das 14:00 horas do día 28 de outubro do ano que andamos.

A organización do premio poderá dar a coñecer publicamente as candidaturas presentadas ao Premio, agás que o interesado manifieste expresamente o desexo de manter en segredo a súa participación.

**AVALIACIÓN E VEREDICTO:**

O premio, que poderá ser declarado deserto, será resolto en Lugo. O xurado fará pública a súa decisión inapelable no mes de decembro por medio dunha rolda de prensa ante os medios de comunicación.

A entrega do galardón será durante un acto público nunha data aínda sen determinar nalgún momento dos primeiros dous meses do ano próximo.

**ACEPTACIÓN DAS BASES:**

A participación nesta convocatoria suporá a aceptación das súas bases.

**CONFIDENCIALIDADE:**

A organización comprométese a preservar a confidencialidade sobre a documentación xustificativa aportada en cada candidatura.

Así mesmo, comprométese a non facer calquera tipo de tratamento dos datos persoais dos participantes máis alá do necesario para a consecución dos fins do convenio nin a manipular, transformar ou ceder a terceiros estes datos ou os arquivos que conteñan, fóra do estricto obxecto da convocatoria do premio, así como a gardalos en estricta confidencialidade e a informar ós candidatos do xeito no que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a normativa que a desenvolve.

**ORGANISMOS CONVOCANTES:**

El Premio Aresa de desarrollo rural es convocado conjuntamente por la Universidad de Santiago de Compostela y ARESA con carácter anual.

**FINALIDAD:**

El Premio Aresa de desarrollo rural fue creado para favorecer el bienestar de las personas que viven en el mundo rural, con el objetivo de premiar aquellos proyectos que contribuyan de forma decisiva a crear empleo y riqueza en los ámbitos agrícola y/o ganadero como elementos fundamentales para mejorar la calidad de vida y el bienestar de las personas que viven y trabajan en el medio rural gallego.

**DESTINADO A:**

Empresas, grupos de investigación, asociaciones o cualquier otra entidad que contribuya al desarrollo de la economía rural gallega.

**REQUISITOS PARA CONCURRIR:**

Presentación de un trabajo de investigación y desarrollo o de una iniciativa empresarial innovadora en los ámbitos agrícola o ganadero, que se podrá encuadrar en cualquiera de los siguientes tipos:

**A/ Proyecto de actividad empresarial.** Se podrán presentar aquellas iniciativas empresariales que aún estén en fase de proyecto pero que tengan definidas sus líneas de actuación y de implantación en el mercado.

**B/ Actividad empresarial innovadora.** Se podrán presentar iniciativas empresariales en cualquiera de sus fases de desarrollo, así como empresas ya consolidadas.

En los dos casos, la candidatura tendrá que ser presentada con la documentación justificativa de la adecuación a la finalidad del Premio, así como con cualquier otra que se considere necesaria para demostrar sus méritos. Se incluirá un resumen de una extensión máxima de dos páginas.

**C/ Trabajos de I+D+i.** Los trabajos, que serán originales, deberán tener aplicación práctica en los sectores agrícola, ganadero o agroalimentario gallegos, o suponer una contribución notoria al desarrollo rural. Las memorias presentadas no podrán superar nunca las cien páginas e incluirán un resumen de una extensión máxima de dos páginas. Se entregará junto con ellas un *curriculum vitae* del autor o autores, además de cualquier otra documentación que se considere de interés y que tenga relación con el trabajo presentado.

Las candidaturas podrán ser propuestas por los interesados, por instituciones públicas o privadas o por empresas. Todas ellas deberán constar de la documentación adecuada para valorar la propuesta.

**VALORACIÓN:**

En el análisis de las candidaturas, el jurado prestará especial atención a los proyectos que generen puestos de trabajo y valor añadido. Por esto, se valorará principalmente:

- La viabilidad económica.
- La creación de puestos de trabajo, especialmente en el rural.
- La puesta en valor de los productos de la tierra.
- Los proyectos que supongan la recuperación de subsectores agrícolas y ganaderos tradicionales que tengan potencial de desarrollo.
- La innovación de productos, métodos productivos, etc.

**DOTACIÓN:**

El premio consta de un Diploma de Mérito y de una dotación económica de diez mil euros, de la que se descontará la retención fiscal que corresponda de acuerdo con el art. 92 del R.D. 214/1999 del 5 de febrero (BOE 9/02/99). ARESA y la USC ofrecerán su experiencia y medios al proyecto ganador, siempre y cuando así lo solicite el premiado.

**JURADO:**

El jurado estará compuesto por los siguientes miembros:

- El rector de la Universidad de Santiago de Compostela, que lo presidirá.
- El presidente de Aresa.
- El vicerrector de Coordinación del Campus de Lugo, de la Universidad de Santiago de Compostela.
- Un miembro designado por Aresa.
- Un miembro designado de común acuerdo por ARESA y la USC. Preferentemente, será una personalidad de reconocido prestigio en el ámbito del premio.

El jurado podrá contar, si así lo considera, con el asesoramiento de un grupo de especialistas imparciales, procedentes de la USC, que analizarán las diferentes candidaturas desde el punto de vista técnico.

**PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS:**

A presentación de las candidaturas, acompañadas de los trabajos y otra documentación justificativa, se hará en los registros de los campus universitarios de Lugo o de Santiago, antes de las 14.00 horas del día 28 de octubre del presente año.

La organización del premio podrá dar a conocer públicamente las candidaturas presentadas al Premio, excepto que el interesado manifieste expresamente el deseo de mantener en secreto su participación.

**EVALUACIÓN Y VEREDICTO:**

El premio, que podrá ser declarado desierto, será resuelto en Lugo. El jurado hará pública su decisión inapelable en el mes de diciembre por medio de una rueda de prensa ante los medios de comunicación.

La entrega del galardón será durante un acto público en una fecha aún sin determinar en algún momento de los dos primeros meses del año próximo.

**ACEPTACIÓN DE LAS BASES:**

La participación en esta convocatoria supondrá la aceptación de sus bases.

**CONFIDENCIALIDAD:**

La organización se compromete a preservar la confidencialidad sobre la documentación justificativa aportada con cada candidatura.

Asimismo, se compromete a no hacer cualquier tipo de tratamiento de los datos personales de los participantes más allá de lo necesario para la consecución de los fines del convenio ni a manipular, transformar o ceder a terceros estos datos o los archivos que contengan, fuera del estricto objeto de la convocatoria del premio, así como a guardarlos en estricta confidencialidad y a informar a los candidatos de la manera en la que pueden ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición, de acuerdo con lo dispuesto en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, y la normativa que la desarrolla.